



PLAN DIGITAL

[CEIP PIO CABANILLAS GALLAS]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

DENOMINACIÓN DO CENTRO					
CEIP PÍO CABANILLAS GALLAS		CIF	Q 8655042-C		
R/ Doutor FERNANDO MARTÍNEZ IGLESIAS		S/Nº	O CASTRO		
CODIGO POSTAL	36518	CONCELLO	DOZÓN	PROV	PONTEVEDRA
ENDEREZO ELECTRÓNICO : ceip.pio.cabanillas@edu.xunta.es					
PÁXINA WEB : https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippiocabanillas/					
Blog : https://anosavoz.blogspot.com/					
TELÉFONO DE CONTACTO:		986780472			

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Pio Cabanillas Gallas sitúase no concello de Dozón, un municipio de interior de montaña de claro ámbito rural cuxo contexto socioeconómico se caracteriza por unha economía baseada no sector primario. Trátase dunha zona cun índice de natalidade moi baixo e unha elevada taxa de decrecemento poboacional.

A densidade de poboación tamén é baixa e a dispersión do alumnado é un factor determinante en moitos aspectos relacionais e do seu desenvolvemento. Tamén da configuración da comunidade educativa en si.

O nivel económico da meirande parte das familias calificaríamolo de medio e estable pola actividade a que se dedican. O nivel sociocultural das mesmas é medio-baixo, sendo concretamente o nivel de enculturamento dixital baixo, e a fenda dixital elevada. Isto vese agravado porque a meirande parte das unidades familiares inclúen en moitos casos aos avós, que son quen esoen tomar parte importante no cuidado e educación das alumnas.

A oferta cultural na contorna é reducida, tamén en cuestión de actividades relacionadas co fomento da competencia dixital, se ben no último mes do pasado curso académico existiu unha iniciativa de actividade extraescolar promovida polos servizos municipais. Tamén existe unha acusada carencia de infraestructuras locais que faciliten o acceso compensatorio a estos recursos e as redes de información dixitais (centros sociais, bibliotecas, etc).

Facendo un balance de como foi a evolución do noso centro en materia de TICs ata o de agora, diremos en termos xerais que o uso dos recursos dixitais no CEIP Pío Cabanillas Gallas pasa por un modelo que repercute principalmente a nivel de aula, no uso destes recursos para acompañar as explicacións e para tratamento dos contidos curriculares. Véñense empregando como medio -e non como fin- para favorecer así, de maneira máis lúdica e motivadora o acceso ao currículo nas distintas áreas de coñecemento. Tamén é de salientar a posta en marcha real da aula virtual do centro en marzo de 2020, e que hoxe supón unha plataforma de aprendizaxe con moito éxito entre o alumando e o profesorado.

Focalizándonos agora nas áreas organizativas e de desenvolvemento profesional, a dixitalización foi avanzando co paso dos anos xa que na actualidade é un dos recursos de comunicación, difusión e o máis empregado na labor e na formación docente. A nivel de comunicación, ao mesmo tempo, coa finalidade de aumentar o achegamento entre o profesorado e as familias priorizouse o uso de abalarMóbil para a consulta de calificacións e envío de avisos. É necesidade sentida e preténdese xa no próximo curso extinguir outras vías de comunicación máis tradicionais ou menos corporativas, e facer uso exclusivo desta aplicación.

Ademáis a formación do profesorado no coñecemento e uso de programas, aplicacións e recursos educativos dixitais ten cada vez máis demanda no noso centro educativo e os proxectos de formación do centro cada vez están máis vencellados con estas necesidades sentidas no claustro.

A nivel de dotación o centro foi experimentando un cambio de estratexia con respecto a unha xestión dos recursos máis acorde as novas modalidades e necesidades: Nos últimos cinco anos pasamos dunha aula de informática á que se acudía simplemente unha ou dúas sesións semanais para manexar no ordenador programas de edición de texto e poucos xogos interactivos; á total dotación das aulas, biblioteca e laboratorio con ordenadores portátiles para o alumnado e profesorado, pizarras dixitais interactivas, tablets e equipos de robótica. Por todo isto, entendemos o noso centro ten unha consolidada tradición de aposta polo desenvolvemento e dotación que nos trouxo a unha situación moi positiva, dadas tamén as características e medios dun centro tan pequeno.

Pouco a pouco tamén se foi ampliando o enfoque sobre o emprego dos medios dixitais cara un desenvolvemento da propia competencia do alumnado neste eido: Inmersos na cultura dixital, participamos en DigiCraft no noso cole onde se presenta a través de diferentes itinerarios formativos que utilizan distintas tecnoloxías emerxentes como vehículo de aprendizaxe: realidade aumentada, intelixencia artificial, videoxogos, robótica...

Outro dos principais programas que debuxan a situación actual e das principais medidas dirixidas ao noso alumnado foi a participación no programa de innovación educativa “Club de Ciencia” para o fomento e desenvolvemento de programas que propicien a mellora das competencias STEM, coa intención principal de favorecer a adquisición das competencias clave do alumnado necesarias para o século XXI, tanto as transversais, como as máis propiamente vinculadas ao con este ámbito.

Todos estos, son elementos xa presentes no noso proxecto de centro que serán estratéxicos, pois en base a eles apoiaremos e propulsaremos o noso Plan Dixital. Todo o profesorado e o alumnado está implicado con estes recursos sen embargo queda pendente promover o coñecemento e uso das aplicacións para a difusión da información e trámites administrativos nas familias.

Tal e como dispón o artigo 132 da LO2/2006 do 3 de Maio, de Educación o Proxecto Educativo de Centro debe recoller as estratexias dixitais do mesmo. Unha vez aprobado este documento, canalizaranse a través da Programación Xeral Anual e dos diferentes documentos do centro educativo as concrecións, contribucións e actualizacións que deriven do Plan Dixital do CEIP Pío Cabanillas.

1.2. Breve xustificación do mesmo

É unha opinión compartida pola meirande parte das/os profesionais e teóricas/os do mundo da Educación que esta, na súa función universal de formar as futuras xeracións cara facelas cidadáns libres, competentes para desenvolverse persoalmente e poder adaptarse ao mundo que as rodea, se atopa ante o desafío dunha sociedade cuxos principais paradigmas son a tecnoloxización de case todos os aspectos da vida e tamén a velocidade vertixinosa a que todos estos cambios se acontecen e evolucionan.

Ante este desafío, as institucións Europeas veñen traballando nunha estratexia educativa transformadora que involucra a tódolos seus estados membros e cuxas lexislacións educativas converxerán no que se veu a chamar o Marco Europeo de Organizacións Dixitalmente Competentes. Isto suporá unha transformación relacionada co ámbito dixital no soamente dende unha perspectiva das prácticas pedagóxicas, senón tamén dende a propia estrutura organizativa e funcionamento así como das competencias do profesorado e alumnado.

Centrándonos nos antecedentes legislativos para consecución destas grandes metas do Marco Europeo e que nos levan a LO2/2006 do 3 de Maio, de Educación. Nela extraemos dos seus artigos 111bis, 121 e 132; que os *“entornos virtuais de aprendizaxe e plataformas de recursos educativos facilitarán a aplicación dos planes educativos deseñados por docentes e deberán contribuír á extensión do concepto aula en tempo e espacio”*. Para isto dispón que se rixan polos principios de interoperabilidade, accesibilidade universal e respecto da normativa relacionada coa propiedade intelectual e protección de datos. Tamén atribúe as diferentes comunidades competentes a responsabilidade de veax polo cumprimento dos mesmos.

Ademáis decreta ás administracións e direccións dos centros educativos que deberán *“promover o uso das tecnoloxías, velar por que se garante o acceso universal as mesmas e establecer condicións para eliminar situacións de risco derivadas do seu uso”*. Finalmente dispón que o Proxecto Educativo dos centros debe recoller todas estas estratexias dixitais e de desenvolvemento e innovación.

Xa no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, serán as resolucións do 17 e 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022 as que fixan que *“Os centros elaborarán no presente curso 21/22 o plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.”*

Finalmente isto vese concretado coa Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022. Esta resolución ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022 e que foron todas as despregadas tanto pola administración, servizos de asesoramento (ADIX e CFRs), e propio centro para consecución do presente Plan Dixital.

1.3. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración deste proxecto estivo suxeito as directrices e temporalización dispostas directamente pola Secretaría Xeral e que se especificaban na propia resolución do 3 de Setembro 21.

O proceso deu comezo coa creación dos equipos ADIX de zona, que deron soporte e asesoramento durante todo este proceso tanto a nivel de organización e temporalización, como sobre os aspectos técnicos na realización do documento. A

súa principal canle de coordinación foi a través da aula ADIX-La creada nun entorno Moodle, e na que se matricularon a tódolos coordinadores de centro na elaboración do PD.

Paralelamente e tamén por disposición do propio proceso, o centro púxose en contacto co CFR para a creación dun PFPP cun itinerario específico para a elaboración deste proxecto. Creouse un GT de 20h e paralelamente creouse na aula virtual do centro un espazo para coordinación do traballo e recursos que se ían elaborando. As sesións de formación viñan previamente dispostas a cargo dos membros do ADIX-La e foi dun total de 4h.

Compoñentes do itinerario formativo para a elaboración do PD

Gutier Álvarez Vázquez (Coordinador do GT e do Plan Dixital no centro)

Cristina Lorenzo Suárez (Directora do Centro)

Alba Díaz-Caneja Castro

Mónica Pousa Silva

Noelia Fernández Bouzas

A temporalización no proceso de elaboración deste proxecto viña tamén determinada e a grandes rasgos foi a seguinte:

Decembro de 2021	Configuración da ferramenta SELFIE para Centros Educativos, activación, comunicación e envío para a súa cumplimentación. Posterior descarga do informe sobre os resultados.
Febreiro de 2022	Activación do test CDD, comunicación e aplicación. Descarga posterior dos resultados de centro.
Marzo de 2022	Formación específica e elaboración de un informe DAFO sobre os resultados de SELFIE.
Abril-Maio de 2022	Formación específica e elaboración dos obxectivos e do Plan de acción a partires das necesidades atopadas no DAFO.
Xuño de 2022	Elaboración final do Plan Dixital 1.0 e aprobación do mesmo.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A continuación faremos unha breve descripción das características do noso Centro a nivel de infraestructuras , equipamento e principais servizos dixitais segundo o seu grao de uso e implementación.

- Infraestructura dixital do centro: Non tendo coñecemento sobre os datos concretos do ancho de banda, estimámolo como suficiente e óptimo, dado o baixo número de conexións simultáneas que debe soportar a nosa rede. A nivel de infraestructuras de conectividade interna o centro conta cun notable número de puntos de acceso WIFI e de LAN que dan unha cobertura suficiente tanto para as necesidades de conexión coma os espazos susceptibles da mesma. No apartado de conexións de voz manifestanse carencias na calidade do servizo e bótase en falta unha centralita de derivación de chamadas con polo menos dous puntos fixos.
- Equipamento dispoñible: Na actualidade o centro conta cun total de 5 aulas ordinarias dixitalizadas (equipo aula con EDI) ademais dunha biblioteca dotada tamén con EDI e equipos para consulta. Existen un total de 4 equipos destinados a funcións de xestión e administración (2 en sala de profesorado, 1 en dirección e 1 en D.O). Existen un total de 7 equipos ultraportátiles para alumnado (Proxecto Digicraft) e 16 equipos máis que non proveñen de ningún programa nin dotación da Consellería (dotacións doutras administracións ou do propio centro). Na actualidade o centro non dispón dunha aula de informática, ao ter orientado a súa estratexia dixital cara a dotación de equipo-alumno.
- Servizos dixitais educativos: O centro dispón e fai un uso notable do servizo Webs Dinámicas, especialmente da aula virtual (Moodle), anque tamén da web do centro (Drupal) para divulgación de aspectos organizativos e administrativos. O centro atópase incluído no programa Digicraft no seu segundo ano e fai uso dos servizos e repositorios de contidos e recursos.

- Xestión do mantemento do equipamento do centro: O centro non conta con servizos externos e fai uso única e exclusivamente das estruturas de mantemento institucionais: coordinador TICs, Asesoría Abalar/SIEGA, AMTEGA e UAC.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Tal e como explicamos no punto 1.3 un dos primeiros pasos que tivemos que dar dende a coordinación da creación do Plan Dixital, foi a activación e configuración da ferramenta SELFIE para centros educativos, durante o mes de Decembro de 2021. Desta ferramenta de autoavaliación e análise saíria resultante o informe SELFIE de centro e que resultaría ser unha ferramenta crítica importante para a propia análise DAFO que se realizou posteriormente. A continuación reflectiremos as puntuacións obtidas nas diferentes Áreas que avalía SELFIE segundo os cuestionarios realizados por E. Directivo, Profesorado e alumnado:

Areas	Grupos	Ensinanza Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	2.1
	Profesorado	3.4
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.7
	Profesorado	3.1
	Alumnado	3.8
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3.7
	Alumnado	4.5
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	4.3
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	4.3
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3.7
	Alumnado	4.2
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.3
	Profesorado	3.4
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.5
	Profesorado	3.1
	Alumnado	3.9

Posteriormente, durante o mes de Febreiro de 2022, pasouse a realizar o test CDD, unha ferramenta de autoavaliación e reflexión encamiñada a valorar a

competencia dixital de cada docente e do centro. Esta ferramenta, anque non foi empregada de xeito directo para a análise DAFO, si ofrece un marco de referencia con respecto aos niveles de competencia dixital do profesorado que o integramos e que reflectiremos a continuación:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	3	3	100%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	2	2	100%
SUBSTITUTO	-	-	-
DESPRAZADO	-	-	-

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
92,8	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf	101	Experto/a (B2)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri	95	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	1	16,7%
B1	3	50%
B2	1	16,7%
C1	1	16,7%
C2		
TOTAL	6	100,10%

De xeito anecdótico, si se empregou tanto o documento do actual Plan TICs, como a memoria do curso pasado, xa que nos parecía unha ferramenta que -unque non tan exhaustiva- si ofrecía unha visión do que ata o de agora foi o modelo e

estratexia de centro cara o que se pretendía chegar; así como algunhas das necesidades sentidas con certo carácter histórico e identitario no proxecto educativo e coas que non queríamos ser rupturistas. Descubrimos que moitas consideracións do anterior proxecto para nada estaban desfasadas; isto convertía a determinadas necesidades e ámbitos de actualización en moito máis lexítimos a hora de ser tidos en consideración, ou mesmo priorizados no actual Plan Dixital.

2.3. Análise DAFO

A partires das anteriores fontes, anque principalmente dos resultados da Ferramenta SELFIE, realizaouse a análise DAFO a través de tres modelos de análise (cuantitativa, cualitativa e dos 3 porques) dos que saíron os principais aspectos positivos e negativos. Primeiramente amosaremos as que dependen dos aspectos internos do propio Centro (fortalezas e debilidades):

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Ampla dotación en aulas de dispositivos dixitais destinados para a ensinanza. 2. Dotación de dispositivos dixitais para a totalidade do alumnado. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Carencia de bibliotecas ou repositorios de contidos en liña a disposición do centro. 2. Características do software instalado no equipos que en moitos casos non cumpre cos preceptos de software non privativo e de código aberto.
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 3. Emprego activo dos dispositivos dixitais nos procesos de ensino-aprendizaxe dentro da aula. 4. Emprego habitual de recursos educativos en liña. 5. Participación activa do profesorado no DPC. 6. Emprego das tecnoloxías dixitais na adaptación ás necesidades do alumnado. 7. Emprego dos recursos dixitais nos procesos de avaliación das capacidades do alumnado. 8. Existencia de canles de comunicación entre as diferentes etapas do centro. 9. Uso activo e creativo da Aula Virtual así como doutras plataformas promovidas pola Consellería. 	<ol style="list-style-type: none"> 3. Falta dun intercambio de experiencias educativas entre o profesorado. 4. Pouco uso de contidos ou recursos educativos abertos ou baseados en licenzas libres. 5. Carencia de proxectos interdisciplinares que involucren aos diferentes niveis e etapas e nos que se poidan por de manifesto recursos, estratexias ou contidos dixitais. 6. Falta de mecanismos para recollida e emprego de datos para mellorar a aprendizaxe. 7. Falta de canles de comunicación con outros centros 8. Falta de debate sobre o uso da tecnoloxía no seo do claustro. Non se xeneran dinámicas para reflexionar sobre o uso de recursos dixitais no ámbito educativo (tratamento da imaxe, protección de dereitos, licenzas).
	PERSOAL NON DOCENTE		

	ALUMNADO	<p>10. Alumnado coñecedor dos principios dun comportamento seguro no uso e tratamento da información a hora de acceder aos recursos e medios dixitais.</p> <p>11. Alumnado concienciado e con hábitos activos sobre o comportamento e uso responsable de recursos e medios dixitais.</p> <p>12. Desenvolvemento das habilidades dixitais ao longo das diferentes arias e materias.</p>	<p>9. Baixo nivel competencial na adquisición de coñecementos e destrezas para codificar o programar en diferentes ambitos como a creación de aplicativos e utilidades ou en robótica.</p> <p>10. Baixo nivel competencial na creación de contidos dixitais con diferentes aplicativos ou utilidades.</p> <p>11. Baixo nivel competencial para a resolución de problemas técnicos derivados do uso utilitario dos recursos e dispositivos dixitais no ambito educativo.</p>
	FAMILIAS	<p>13. Apoio e implicación por parte das familias no camiño cara abordar os retos plantexados pola fenda dixital derivadas do propio ámbito socioeconómico da contorna.</p>	
	OFERTA	<p>14. Interese no centro polas novas modalidades de ensino e implicación na adopción de innovacións educativas.</p>	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>15. Disposición de medidas para identificar retos en relación coa brecha dixital relacionados coas necesidades do alumnado e as características socioeconómicas da comunidade.</p> <p>16. Emprego de ferramentas dixitais na documentación e diseminación das aprendizaxes.</p> <p>17. Iniciativas organizativas para afrontar necesidades de formación profesional continúa do profesorado.</p> <p>18. Transformación da práctica docente co uso da ferramentas dixitais.</p>	<p>12. Falta dunha estratexia dixital clara, concreta e global que aune todas as accións e liñas prioritarias encamiñadas a consecución duns obxectivos para mellora a situación do centro no eido dixital.</p> <p>13. Falta de sinerxias para o aprendizaxe mixto (entendido por SELFIE como a colaboración entre centros para o soporte en materia dixital).</p> <p>14. Falta de tempo dentro das posibilidades e límites da organización escolar para poder explorar o ensino dixital.</p>

En segundo lugar, velaí os factores positivos e negativos que dependen de aspectos externos ao propio centro.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1. Dispositivos dixitais para a ensinanza provintes das dotacións de programas e proxectos dependentes da Consellería.</p> <p>2. Acceso a internet eficiente dentro das demandas do centro, tanto en putos de acceso e tipoloxía, como en ancho de banda.</p> <p>3. Infraestrutura xeral desplegada pola propia consellería eficaz.</p>	<p>1. Asistencia técnica plagal que soamente afecta as infraestruturas e recursos adquiridos das dotacións directas da Consellería.</p> <p>2. Falta dunha rede interna con servidor e repositorio interno de contidos.</p> <p>3. Falta de estabilidade do persoal definitivo docente que dificulta a continuidade de proxectos e sinerxias no eido da formación e dinámicas no ámbito dixital.</p>

		4. Sobrecarga de funcións en detrimento de tempo para xestionar o dixital
LEXISLACIÓN	4. Amplo tecido legal sobre as normas que rixen os dereitos de autor e licenzas de uso.	5. Falla dunha claridade normativa ou polo menos de instrucións claras que a canalicen no eido da protección de datos relacionado co emprego de aplicacións e plataformas dixitais de diversa tipoloxía na rede.
CONTORNA		
ANPA	5. Clima de relación colaborativo e constructivo entre o centro e a ANPA.	6. Carencia dunha oferta de actividades extraescolares no ámbito das tecnoloxías da información e da era dixital como poideran ser: robótica, programación, etc
OUTRAS ENTIDADES		7. Falla de colaboración no ámbito dixital por banda das principais entidades e administracións locais da contorna.

3. Plan de Acción

O Plan de Acción do Plan Dixital recolle os obxectivos e principais propostas de mellora para o curso 2022-2023. Para iso conta co punto de partida da análise pormenorizada da situación actual, coa ferramenta DAFO, que nos axudou a obter conclusións sobre os aspectos prioritarios e fundamentais a hora de abordar a nosa estratexia de mellora.

Outro principio á hora de formular o Plan de Acción foi o de quedarnos cun ámbito de actuación abarcable tanto pola cantidade de obxectivos, como polo punto de partida no que nos atopabamos. E nisto tamén condicionou a propia configuración do noso claustro, un claustro por outra banda pequeno e sobrecargado doutras moitas funcións e coordinacións.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

O proceso para elaborar os principais obxectivos a partires do documento DAFO foi un proceso de reflexión colectivo dentro do grupo para elaboración do presente Plan. Como paso intermedio obtivemos unha especie de DAFO reducido coas áreas prioritarias nas que queriamos incidir ou nas que atopabamos maiores posibilidades de logro.

Desas metas máis xerais que saían de cada necesidade DAFO, buscamos separalas en obxectivos máis específicos. Logo o que fixemos foi seleccionar aqueles que nos parecían primordiais ou basais, deixando outros obxectivos secundarios para futuras versións do Plan.

Para cada obxectivo concreto fixemos unha temporalización e atribuímos indicadores de logro medibles e contrastables. E xa finalmente desgranámoslos en desempeños ou accións concretas a desenvolver (tamén temporalizadas e secuenciadas). Coas estas accións, procuramos novamente que foran abordables e alcanzables e sempre tendo como referencia o punto de partida froito da situación actual do noso centro e do profesorado.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: A-LIDERADO						
OBXECTIVO 1: (1)	Promover a comunicación entre o centro (dirección/titorías) e as familias mediante o uso da ferramenta AbalarPro (Área A2).				Acadado	
Responsable:	Dirección do centro.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de uso da ferramenta Abalar Pro nos diferentes ámbitos de comunicación institucionais coas familias (dirección/ titorías).					
Valor de partida: (3)	Inexistente ou inferior ao 1% de tódalas comunicacións mantidas entre os distintos órganos do centro e as familias.					
Valor previsto e data: (4)	Superior ao 75% de tódalas comunicacións mantidas ao longo do curso 22/23			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Realizar unha sesión autoformativa con todo o profesorado para achegamento aos fundamentos e uso da ferramenta Abalar Pro.	-Equipo directivo. -Coordinador TICs.	28/10/2022	-Dispositivos mobiles persoais. -EDI con equipo de aula. -Persoa externa coñecedora da ferramenta (de ser necesario).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Informar as familias sobre o emprego da ferramenta Abalar como medio oficial de comunicacións e notificacións e prestar o asesoramento preciso sobre o seu uso.	-Equipo directivo. -Coordinador TICs.	28/10/2022	-Dispositivos móbiles persoais. -Equipo de Dirección.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Promover o uso de Abalar Pro así como o asesoramento contínuo entre iguais no uso deste aplicativo.	-Equipo Directivo. -Persoas Titoras.	28/06/2023	-Dispositivos móbiles persoais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: A-LIDERADO						
OBXECTIVO 2: (1)	Incluír o centro dentro do Proxecto EDIXGAL para o curso 23/24 (Área A3)				Acadado	
Responsable:	Dirección do centro.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	- Se se logra a aprobación e inclusión dentro da convocatoria para o curso 23/24.					
Valor de partida: (3)	- Non					
Valor previsto e data: (4)	- Aceptada a inclusión como centro Edixgal.			22/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Reunións de traballo colaborativo para bocexo do proxecto para inclusión en EDIXGAL segundo a convocatoria..	-Dirección do centro. -Equipo docente	30/09/22	-Equipos de profesorado. -Texto da convocatoria para EDIXGAL.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Concreción do proxecto e aprobación en Consello Escolar para ser presentado dentro da convocatoria..	-Dirección do centro. -Equipo docente.	22/12/22	-Equipos de profesorado. -Texto da convocatoria para EDIXGAL		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Resolución e aprobación da solicitude	-Comisión externa.	13/10/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: A-LIDERADO / H-COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO						
OBXECTIVO 3: (1)	Elaborar un proxecto para incorporar o centro ao programa Polos Creativos no cursos 22/23. (Áreas A3 e H11/H12/H13)				Acadado	
Responsable:	Coordinador Plan Dixital.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Concesión do proxecto para o Polos Creativos.					
Valor de partida: (3)	- Non está concedido.					
Valor previsto e data: (4)	- lograr a concesión e participación en Polos Creativos.			30/09/22		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Deseño das estratexias e proxecto a incluír na proposta de participación.	-Coordinador Plan Dixital. -Equipo docente.	Previo a 1/09/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Concreción do proxecto e aprobación en Consello Escolar.	-Coordinador Plan Dixital. -Consello Escolar.	Previo a 1/09/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Posta en marcha do proxecto e dotación necesaria no caso de ser aprobado.	-Conxunto do equipo docente. -Outras institucións e entidades da contorna.	22/06/2023	-Todos os dispostos dentro das necesidades expresadas polo proxecto para poder levarse a cabo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: A-LIDERADO

OBXECTIVO 4: (1)	Empregar de forma xeralizada aplicativos ofimáticos baseados en Software de código aberto na vida escolar (Área A5 OP).	Acadado
Responsable:	Coordinador Plan Dixital.	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	-Porcentaxe do equipo directivo e do D.O que emprega totalmente a ferramenta ofimática “Libre Office” para a elaboración dos documentos administrativos e organizativos de centro. -Porcentaxe de profesorado que emprega de xeito xeralizado (80%) o paquete de ferramentas ofimática “Libre Office” para elaborar documentos organizativos e de carácter pedagóxico.	
